






Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Participacion Cidadana – GPV	
Número expediente:	Documento:
 PAR/1/2024	 PAR18I008
4G13026E2L2M434V19OW	
	

Asunto: informe sobre estudio de costes para a contratación do servizo de execución do programa municipal de participación cidadá.

Yolanda Martínez García, xefa do Servizo Sociocomunitario, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte

INFORME SOBRE ESTUDIOS DE CUSTOS

Primeiro.- Seguindo o artigo 100 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, neste estudio de custos:

- Os custos se adecúan ao prezo do mercado.
- Os custos dos docentes para a execución do contrato foron calculados tendo en conta o convenio laboral de referencia, neste caso, Resolución de 22 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o IX Convenio colectivo de ensinanza e formación non regrada (BOE 28/10/2021), así como a Resolución de 10 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica a revisión salarial para o ano 2023 do IX Convenio colectivo nacional de ensinanza e formación non regrada. A xornada laboral anual está establecida en 1.446 horas. Tamén se tivo en conta a actualización dos salarios ao ano 2024.
- Para o cálculo do valor estimado se tivo en conta a normativa laboral vixente, os custos que se derivan da execución material do servizo, os gastos xerais de estrutura, e o beneficio industrial.

Segundo.- Estudio de custos do persoal necesario.

O custo dos expertos/as está calculado en base ao convenio arriba indicado, para persoal Instrutor/a ou experto/a, pertencente á categoría profesional do Grupo I, indistinto o xénero masculino ou feminino, tendo en conta o salario base, complementos, seguridade social e prezo/hora do mercado para o ano 2024 segundo os datos que manexa o Servizo Sociocomunitario Municipal para este tipo de formación. As cantidades reflectidas nas seguintes táboas están expresadas en euros.

Conceptos de gastos de persoal, expresados en euros	
Concepto	Experto/a.
Salario + complementos	15.520,410
Seguridade social	5.781,353
Total base	21.301,763
Imprevistos	474,997
Total	21.776,760
Custo hora	15,060
Horas a desenvolver	1.126,000
Custo persoal	16.957,560

Terceiro.- Estudo de custos complementarios.

Para realizar o estudo de custos complementarios na realización do programa se tiveron en conta os conceptos que se indican a continuación, así como o custo medio do mercado para o ano 2024, e os datos que manexa o Servizo Sociocomunitario Municipal para este tipo de complementos:

- Gastos directos: vehículo, mantemento, reparación e gasoil; material didáctico e útiles de traballo; publicidade.
- Gastos indirectos: gastos xerais, seguros de responsabilidade civil e accidentes, outros.
- Non se establecen outros custos que afecten ao programa

Concepto de gasto do programa, expresado en €.	
Concepto	Experto/a.
Custos directos	20.215,440
Custos indirectos	4.467,755

Cuarto.- Marxe comercial

Para realizar o estudo de custos se tivo en conta un beneficio industrial dun 6%, cun redondeo de céntimos para axustar o prezo/hora (ver táboa punto quinto).

Quinto.- Táboa resumo. Conceptos de gasto do programa, expresada en euros (gastos de persoal, gastos directos e indirectos, beneficio industrial, total e prezo/hora), para unha anualidade sen IVE e con IVE.

Concepto	Experto/a.
Gastos persoal	16.957,560
Gastos directos + indirectos	24.683,195
Total gastos	41.640,755
Beneficio industrial	2.498,445
Total con beneficio industrial	44.139,200
Prezo/hora sen IVE	39,200
IVE (21%)	9.269,232
Total con IVE	53.408,432



CONCELLO DE NARÓN

Distribución por anos dos custos, sen IVE, con IVE e total.

Anos	Custos sen IVE	IVE (21%)	Total con IVE
2024	22.069,600	4.634,616	26.704,216
2025	44.139,200	9.269,232	53.408,432
2026	22.069,600	4.634,616	26.704,216
Total	88.278,400	18.538,464	106.816,864

Distribución por anualidades e períodos.

Anualidade	Ano	Período	Meses	Orzamento con IVE (21%)	Observacións
1ª anualidade	2024	1 de xuño a 30 de novembro	6	26.704,216€	A factura do mes de decembro de 2024 imputarase ao exercicio 2025 ao tratarse dun contrato de tracto sucesivo e prezo fixo.
1ª e 2ª anualidade	2025	1 de decembro 2024 a 30 novembro 2025	12	53.408,432€	
2ª anualidade	2026	1 de decembro 2025 a 31 maio 2026	6	26.704,216€	A factura do mes de decembro de 2025 imputarase ao exercicio 2026 ao tratarse dun contrato de tracto sucesivo e prezo fixo.
Total				106.816,864€	

Aplicación orzamentaria: 9240/22799

Prezo hora sen IVE: 39,200

IVE (21%): 8,232

Prezo hora con IVE: 47,432